

## ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL RURAL 2023)

### Proceso selectivo: 2 PEÓNS FORESTAIS

No centro Sociocultural do auditorio do Concello de Rianxo, ás 09:30 h do día 31/05/2023, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 2 peóns forestais adscritos á subvención APROL RURAL 2023 no Concello de Rianxo segundo as bases e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 501/2023 do 26/05/2023 coa seguinte composición:

Presidenta: M<sup>a</sup> José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Vocal: Gabriel Bermúdez Piñeiro, encargado de obras (V)

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa (III)

Secretaria: Vanessa Reboredo Fraga, técnica de administración xeral (A1)

A Presidenta declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 29 de maio de 2023 preséntase a oferta de emprego correspondente na oficina de emprego de Boiro; e mesmo día recíbese o resultado da dita oferta.

Segundo: o día 31 de maio de 2023 ás 09:30 horas convócanse a todos os integrantes da oferta para a proba escrita no Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo.

Terceiro: a presidenta do tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición e explica como se vai desenvolver a fase de concurso e a proba de galego.

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Cuarto: ás 09:50 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto do resto do proceso.

Preséntanse 13 aspirantes e quedan excluídas as 7 persoas non presentadas.

Ás 10:03 horas iníciase a proba escrita que remata ás 10:25 h.

Ao remate da proba o Tribunal corrixe as probas escritas e obtéñense os seguintes resultados:

APELIDOS E NOME	Proba escrita					Resultado
	Correctas	Erradas	Non cont.	Puntuación		
Carneiro Sobradelo Iván	10	0	0	10,00	4,00	APTO
Castro Vicente Marcos	10	0	0	10,00	4,00	APTO

Cespon Muñiz Jose Luis	4	6	0	2,50	1,00	NON APTO
Conde Ferreiros Francisco Javier	9	1	0	8,75	3,50	APTO
Figueira Martínez Salvador	9	1	0	8,75	3,50	APTO
González Otero Alejandro	2	8	0	0,00	0,00	NON APTO
Martinez Miguens Francisco	9	1	0	8,75	3,50	APTO
Ordoñez Neira Agustin	8	2	0	7,50	3,00	APTO
Piñeiro Pesado Francisco	9	1	0	8,75	3,50	APTO
Reboiras Quintáns Álvaro	8	2	0	7,50	3,00	APTO
Rial Ourille José Benito	3	7	0	1,25	0,50	NON APTO
Rodríguez Loureiro Rafael	7	2	1	6,50	2,60	APTO
Rodríguez Docasar Juan Cruz	8	1	1	7,75	3,10	APTO

Ao remate da corrección publícase este resultado no mesmo local no que se realizou a proba, no sitio web e no taboleiro de anuncios municipal e indícase que a proba práctica se realizará a partir das 11:30 h nas inmediacións do mesmo edificio; a esa hora reúnese de novo o tribunal para iniciar a proba práctica.

Esta fase terá carácter eliminatorio e para superala será preciso acadar cando menos a metade da puntuación total establecida para a proba.

Rematan as probas prácticas ás 13:50 horas co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	PROBA PRÁCTICA						TOTAL	Resultado
	1	2	3	4	5	6		
Carneiro Sobradelo Iván	0,25	0,50	0,00	0,00	0,50	1,75	3,00	APTO
Castro Vicente Marcos	0,00	0,50	0,50	0,00	0,50	2,00	3,50	APTO
Conde Ferreiros Francisco Javier	0,25	0,50	0,50	0,00	0,50	1,25	3,00	APTO
Figueira Martínez Salvador	0,00	0,50	0,00	0,00	0,50	0,75	1,75	NON APTO
Martinez Miguens Francisco	0,50	0,50	0,50	0,00	0,50	2,00	4,00	APTO
Ordoñez Neira Agustin	0,25	0,50	0,50	0,50	0,50	2,25	4,50	APTO
Piñeiro Pesado Francisco	0,50	0,50	0,50	0,50	0,50	3,25	5,75	APTO
Reboiras Quintáns Álvaro	NON PRESENTADO							
Rodríguez Loureiro Rafael	NON PRESENTADO							
Rodríguez Docasar Juan Cruz	0,50	0,50	0,00	0,00	0,50	2,25	3,75	APTO

Superan a proba 7 aspirantes e quedan excluídas do proceso as persoas non presentadas e a que non superou a proba.

A continuación inicianse as probas orais de galego falado das 5 persoas que non acreditaran o coñecemento de galego requirido e que superaron as dúas probas; explícaselle a proba a cada persoa candidata no momento do seu chamamento.

Rematan ás 14:15 h co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	RESULTADO
Castro Vicente Marcos	APTO
Conde Ferreiros Francisco Javier	APTO
Martinez Miguens Francisco	APTO
Ordoñez Neira Agustin	APTO
Piñeiro Pesado Francisco	APTO

O tribunal decide suspender a sesión e reunirse novamente ás 17:00 horas para facer as valoracións da documentación presentada polas persoas aspirantes así como a valoración global do proceso.

Ás 17:00 horas iníciase a valoración dos méritos presentados polas persoas aspirantes que superaron as dúas probas da fase da oposición e, no seu caso, a proba de galego.

Presentan documentación no Rexistro Xeral do Concello os seguintes aspirantes:

- Castro Vicente, Marcos
- Conde Ferreirós, Francisco Javier
- Martínez Miguéns, Francisco
- Rodríguez Docasar, Juan Cruz

Non aparece documentación de Iván Carneiro Sobradelo e tampouco realizou a proba de galego polo que o tribunal decide contactar con el para que nos presente o documento xustificativo de estar en posesión do Celga 2; comprobase que conta co Celga 3 pero só se admite para os efectos de cumprimento dos requisitos e non se vai valorar como mérito.

Unha vez revisada a documentación presentada obtense o seguinte resultado da fase de concurso:

APELIDOS E NOME	Artigo 14.5	Carné B	PRL	Iguald.	Galego	SUBTOTAL
Carneiro Sobradelo Iván	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Castro Vicente Marcos	0,50	1,00	0,00	0,00	0,00	1,50
Conde Ferreiros Francisco Javier	0,25	1,00	0,00	0,00	0,00	1,25
Martinez Miguens Francisco	0,25	1,00	0,00	0,00	0,00	1,25
Ordoñez Neira Agustin	0,50	0,00	0,00	0,00	0,00	0,50
Piñeiro Pesado Francisco	0,70	0,00	0,00	0,00	0,00	0,70
Rodríguez Docasar Juan Cruz	0,25	0,00	1,00	0,00	0,00	1,25

Así, o resultado global do proceso, por orde descendente, é o seguinte:

APELIDOS E NOME	Proba escrita	Proba práctica	CONCURSO	TOTAL
Piñeiro Pesado Francisco	3,50	5,75	0,70	9,95
Castro Vicente Marcos	4,00	3,50	1,50	9,00
Martinez Miguens Francisco	3,50	4,00	1,25	8,75
Rodríguez Docasar Juan Cruz	3,10	3,75	1,25	8,10
Ordoñez Neira Agustin	3,00	4,50	0,50	8,00
Conde Ferreiros Francisco Javier	3,50	3,00	1,25	7,75
Carneiro Sobradelo Iván	4,00	3,00	0,00	7,00

A listaxe anterior inclúe, por orde descendente, as puntuacións totais acadadas polas persoas aspirantes.

O tribunal propón ás persoas que ocupan os dous primeiros postos, pola orde na que aparecen, para a súa contratación como peóns forestais:

APELIDOS E NOME
Piñeiro Pesado Francisco
Castro Vicente Marcos

O tribunal propón ao resto das persoas que superaron o proceso como válidas para a realización das posibles substitucións, no caso de ser necesario, e pola orde na que aparecen na táboa final de resultados.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 19:00 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do tribunal.